

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 31 de maio de 2024**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas do día trinta e un de maio do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *Luisa María Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Conselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33846.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 24 de maio de 2024.

2.33847.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PROGRAMA PON2030 E OS HONORARIOS DO INVESTIMENTO “ADECUACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO E MELLORA DE REDES DE SERVIZOS NA PRAZA VICTORIA R. CADAVAL”. (Expte.2024020958)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



No marco do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da axenda 2030- Programa PON2030, asinouse un convenio de colaboración entre o *Concello de Baiona* e a Deputación Provincial (exp: 2023030712) no que se concede ao concello de BAIONA unha subvención de 464.585,32 € para financiar a actuación denominada “*Adecuación de espazo público e mellora de redes de servizos na Praza Victoria R. Cadaval*” cun orzamento que ascende a 580.731,66 €, sendo a achega municipal de 116.146,34 €.

PROGRAMA	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA- PON2030	ACHEGA MUNICIPAL(Concello BAIONA)
PON2030	580.731,66	464.585,32	116.146,34

En data 01/04/2024, con número de rexistro WEB2024020533, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de BAIONA na que, acolléndose ao disposto nas bases 1ª, 2ª, 3ª das reguladoras do Plan, solicita con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 116.146,34 €, co obxecto do financiamento da achega municipal do convenio asinado entre o concello de BAIONA e a Deputación Provincial- Programa PON2030 para o investimento “*Adecuación de espazo público e mellora de redes de servizos na Praza Victoria R. Cadaval*”, sendo o seu orzamento de 580.731,66 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento-€	Subvención a cargo do Plan + Provincia 2024-€	Fondos propios do Concello/Achegas doutros Plans- €
2024	580.731,66	116.146,34	464.585,32 (PON2030)

O orzamento de 580.731,66 € contempla 553.383,66 € de execución de obra e 27.348,00 € de honorarios técnicos (17.868,00 € de dirección de obra e 9.480,00 € de dirección de coordinación de seguridade e saúde).

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar, así coma o informe técnico sobre a normativa sectorial, aportando as autorizacións precisas para executar a actuación.

A solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan + Provincia 2024, figurando no expediente a documentación requirida.



A execución e a xustificación deste investimento suxeitarase as norma do plan que se co-financia conforme ao establecido na base 23ª do Plan, sendo aquel o Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da axenda 2030 – Programa PON2030.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

### II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

#### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2024.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 02/04/2024, e da xefa do Servizo de Cooperación de data 22/05/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención Provincial, de data 23/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *concello de Baiona*, CIF: P3600300B, a cantidade de 116.146,34 €, co obxecto do financiamento da achega municipal ao convenio asinado entre o *Concello de Baiona* e a Deputación Provincial-Programa PON2030 e os honorarios do investimento “*Adecuación de espazo público e mellora de redes de servizos na Praza Victoria R. Cadaval*” (Expte. 2024020958), cun orzamento que ascende a 580.731,66 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención a cargo do Plan + Provincia 2024	Fondos propios do Concello/Achegas doutros Plans
2024	580.731,66	116.146,34	464.585,32 (PON2030)

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente do Programa PON2030 e realizaranse as oportunas operacións de formalización.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, Programa PON2030 aprobado por acordo plenario núm. 2.7960 de 06/03/2023 (BOPPO nº 46 do 07/03/2023).
- Darlle traslado da presente resolución ao *concello de Baiona*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



3.33848.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EN LA URBANIZACIÓN PUENTE ROMANO”. (Expte.2024022890)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022157, emendado en data posterior, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Baiona* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 67.169,23 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Proxecto de renovación do alumeado publico en la urbanización Puente Romano*”, cuxo orzamento ascende 67.169,23 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Concepto	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
Total	67.169,23	67.169,23	0,00	0,00

A subvención solicitada de 67.169,23 € financia 64.749,23 € de execución de obra e 2.420,00 € de honorarios se dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

#### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 23/05/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 23/05/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Baiona*, CIF: P3600300B, unha subvención por importe de 67.169,23 € co obxecto do financiamento do investimento “*Proxecto de renovación do alumado público na urbanización Puente Romano*” (Expte.2024022890)”, cuxo orzamento ascende 67.169,23 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Concepto	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
Total	67.169,23	67.169,23	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.





- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Baiona*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.33849.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BUEU PARA O INVESTIMENTO DENOMINADO “ACOMETIDA ELÉCTRICA PARA SUBMINISTRACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DA GRAÑA” INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS. (Expte.2024019772)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.

O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de €, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.2023.

As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Bueu o importe que lle corresponde é de 79.404,91€.

En data 22/03/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024019120), ao abeiro do PEID, dunha petición do *Concello de Bueu*, emendada na data 21/05/2024 (núm. rexistro WEB2024032652), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 62.477,73€, con destino ao financiamento do investimento denominado “Acometida eléctrica para subministración do campo de fútbol municipal da Graña”, cun orzamento polo mesmo importe (58.061,23€ de execución de obra e 4.416,50€ de honorarios de redacción de proxecto).



O Concello de Bueu comunica que “o acordo de aprobación do proxecto remitirase unha vez recibida a conformidade do organismo Augas de Galicia, así como a acta de trazado previo”.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do PEID.

As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 03/05/2024 (CSV: RZZSN0JAV9GVH4JA).

Así mesmo, o 22/05/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: U5Z15FXF9D4YUAUP) e o 23/05/2024 a Intervención provincial informa favorablemente a dita concesión (CSV: S7JVQLDPQHMJIZF3).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID).

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 16ª das reguladoras do PEID que permiten destinar a cantidade asignada deste plan ao financiamento das achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do PEID.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

### RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.



## CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Bueu relativa ao financiamento da totalidade do investimento denominado “Acometida eléctrica para subministración do campo de fútbol municipal da Graña” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 62.477,73€.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Bueu*, CIF P3600400J, a cantidade de 62.477,73€ con destino ao financiamento do investimento “*Acometida eléctrica para subministración do campo de fútbol municipal da Graña*” ao abeiro do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento polo mesmo importe (58.061,23€ de execución de obra e 4.416,50€ de honorarios de redacción de proxecto).

A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención da aceptación favorable da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia, así como á remisión da resolución ou acordo de aprobación do proxecto técnico (ou o certificado da resolución ou acordo adoptado) e da acta de trazado previo (anexo I), documentación que deberá ser presentada no momento da primeira xustificación.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 245, de 22/12/2023) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95.2023 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Bueu*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

5.33850.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA AS RODAS” (Expte.2024020167)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 25/03/2024, mediante rexistro WEB2024019317, emendado en data posterior, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Cambados* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 89.993,75 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Renovación urbana da praza As Rodas*”, cuxo orzamento ascende 89.993,75 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	89.993,75	89.993,75	0,00	0,00

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente o ditame favorable da Comisión Municipal de Patrimonio e a autorización da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

O devandito ditame e a autorización serán achegados coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.



- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 14/05/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 21/05/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 22/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cambados*, CIF: P3600600E, unha subvención por importe de 89.993,75 € co obxecto do financiamento do investimento “*Renovación urbana da praza as rodas*” (Expte. 2024020167), cuxo orzamento ascende 89.993,75 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	89.993,75	89.993,75	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.  
Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue o ditame favorable da Comisión Municipal de Patrimonio e a autorización da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.



- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Cambados*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.33851.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CUNTIS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA CAPA DE RODADURA DAS ESTRADAS DE ACCESO OS NÚCLEOS DE VILARIÑO E NOVAL E DE ACCESO A MESEGO”. (Expte.2024020219)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 26/03/2024, mediante rexistro WEB2024019600, emendado en data posterior, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Cuntis* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 196.643,60 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora da capa de rodadura das estradas de acceso os núcleos de Vilarinho e Noval e de acceso a Mesego*”, cuxo orzamento ascende 196.643,60€, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	196.643,60	196.643,60	0,00	0,00

O orzamento de 196.643,60 € contempla 189.928,10 € de execución de obra e 6.715,50 € de honorarios de redacción de proxecto.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.





Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade. A devandita autorización, a acta de trazado previo (anexo III) e a resolución (ou o acordo) de aprobación do proxecto serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 16/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 16/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 23/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cuntis*, CIF: P3601500F, unha subvención por importe de 196.643,60 € co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora da capa de rodadura das estradas de acceso os núcleos de Vilarinho e Noval e de acceso a Mesego*” (Expte. 2024020219)”, cuxo orzamento ascende 196.643,60 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos proprios do Concello -€
2024	196.643,60	196.643,60	0,00	0,00



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade xunto coa acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada e a resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cuntis*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.33852.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ESTRADA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CONSERVACIÓN DE CAMIÑOS RURAIS-PLAN MÁIS PROVINCIA 2024”.  
(Expte.2024026510)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 26/03/2024, mediante rexistro WEB2024019592, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de A Estrada na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 193.900,15 €, co obxecto do financiamento do investimento “Conservación de espazos públicos do concello da Estrada” (expediente: 2024020217), en base a un orzamento polo mesmo importe.



En data 18/04/2024, mediante rexistro WEB2024025949 o concello da Estrada, tralo requirimento do servizo de Cooperación e ante a imposibilidade do cumprimento do mesmo, desiste da solicitude do paragrafo anterior e solicita, no seu lugar, unha subvención por importe de 193.900,15 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Conservación camiños rurais – Plan + Provincia 2024*” (expediente: 2024026510), en base a un orzamento polo mesmo importe.

En datas posteriores o Concello emenda a documentación presentada inicialmente.

O Concello, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso do importe que ascende a 152.837,52 € á Liña 1-Investmentos. Este importe corresponde aos sobrantes da Liña 3(144.885,03 €) e da Liña 4 (7.952,49 €).

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaban pendentes de outorgamento as autorizacións sectoriais do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra e Servizo Territorial da Zona Hidrográfica de Galicia Centro da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. As devanditas autorizacións e a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto, serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnica competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 21/05/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 21/05/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 22/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *concello da Estrada* a cantidade de 193.900,15 €, con destino ao financiamento do investimento “*Conservación de camiños rurais-Plan Máis Provincia 2024*” (expediente: 2024026510), en base a un orzamento polo mesmo importe.
- A presente concesión queda condicionada a obtención das autorizacións sectoriais do servizo provincial da *Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra e Servizo Territorial da Zona Hidrográfica de Galicia Centro da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade*, sendo imprescindible que o *Concello* as remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica, así como, o certificado da resolución ou do acordo de aprobación do proxecto e a acta de trazado previo (Anexo III).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo acordo plenario de 29 de decembro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2024, os investimentos subvencionados deben estar executadas a 31 de decembro de 2025 e xustificadas o 31 de maio de 2026. O incumprimento desta obriga dará lugar ao inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello da Estrada*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



8.33853.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE GONDOMAR AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN E REDE DE PLUVIAIS NO CAMIÑO MUNICIPAL “TUMBIO A CASÁS”. (Expte.2024023337)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022099, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de Gondomar na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 64.373,42 €, co obxecto do financiamento do investimento “Obras de mellora da pavimentación e rede de pluviais no camiño municipal “*Tumbio a Casás*”” (Expte. 2024023337).

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).



- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.





- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 15/05/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, da mesma data, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 16/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Gondomar*, CIF: P3602100D, unha subvención por importe de 64.373,42 € co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora da pavimentación e rede de pluviais no camiño municipal Tumbio Casás*” (exp: 2024023337), cuxo orzamento ascende ao mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Non obstante, a presente concesión queda condicionada a que o Concello achegue, coa primeira xustificación do gasto realizado, a autorización sectorial da entidade pública Augas Galicia, da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello do Gondomar*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



9.33854.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE ALAMA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E RENOVACIÓN DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DA CASA CONSISTORIAL”. (Expte.2024018810)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 19/03/2024, mediante rexistro WEB2024018096, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de A Lama na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 101.075,56 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Substitución de cuberta e renovación da instalación eléctrica da Casa Consistorial*”, en base a un orzamento de 161.075,56 €. O importe restante ata completar o orzamento será co-financiado polo Xunta de Galicia(código de procedemento PR486B), quedando configurada a súa petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención -Plan+Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas/fondos propios
161.075,56	101.075,56	60.000,00

No orzamento da obra está desagregado a cantidade correspondente á execución por contrata da obra polo importe de 150.667,80 € (IVE engadido) e 10.407,76 € dos honorarios técnicos (3.798,35 € por a redacción do proxecto, 2.178,00 € pola redacción do proxecto eléctrico, 3.798,35 € da dirección de obra e 633,06 € da coordinación de seguridade e saúde), IVE engadido.

A subvención solicitada correspóndese coa achega municipal necesaria para a aceptación da subvención recollida na ORDE do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no artigo 59.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2024 (código de procedemento PR486B).

O Concello, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso de 121.630,65 € da Liña 1 á Liña 2 (WEB2024018358 de data 20/03/2024) e 460,00 € no empregados na Liña 4 á Liña 1 (WEB202402116 de data 02/04/2024).

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade do ben sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27<sup>a</sup>.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que o *Concello* deberá achegar coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27<sup>a</sup> do Plan.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15<sup>a</sup> do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 22/05/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 22/05/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 23/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Lama* a cantidade de 101.075,56 €, con destino ao financiamento do investimento “*Substitución de cuberta e renovación da instalación eléctrica da Casa Consistorial*”, en base a un orzamento de 161.075,56 € (expediente: 2024018810), quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención -Plan+Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas
161.075,56	101.075,56	60.000,00



No orzamento está desagregado a cantidade correspondente á execución por contrata da obra polo importe de 150.667,80 € (IVE engadido) e 10.407,76 € dos honorarios técnicos (3.798,35 € pola redacción do proxecto, 2.178,00 € pola redacción do proxecto eléctrico, 3.798,35 € da dirección de obra e 633,06 € da coordinación de seguridade e saúde), IVE engadido.

- A presente concesión queda condicionada a obtención a autorización sectorial do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, sendo imprescindible que o *Concello* a remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo acordo plenario de 29 de decembro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2024, os investimentos subvencionados deben estar executadas a 31 de decembro de 2025 e xustificadas o 31 de maio de 2026. O incumprimento desta obriga dará lugar ao inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Lama*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.33855.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOS PARA O INVESTIMENTO DENOMINADO “MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NO CONCELLO DE MOS” INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS.  
(Expte.2024019287)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.

O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de €, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.2023.



As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Mos o importe que lle corresponde é de 95.288,31€.

En data 20/03/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024018557), ao abeiro do PEID, dunha petición do Concello de Mos, emendada nas datas 30/03/2024, 10/04/2024, 30/04/2024, 06/05/2024 e 22/05/2024 (núms. rexistro WEB2024020175, WEB2024024143, WEB2024028491, WEB2024029459 e WEB2024032811), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 95.288,28 € con destino ao financiamento do investimento denominado “*Mellora das instalacións deportivas no Concello de Mos*”, cun orzamento polo mesmo importe.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do PEID.

As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 24/05/2024 (CSV: WR9NC56UHJU7XJ5J).

Así mesmo, o 24/05/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: JASKIG7YH27U3SGG) e o 27/05/2024 a Intervención provincial informa favorablemente a dita concesión (CSV: 4GUNTQFRSY3PR977).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).



- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID).

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Base 16ª das reguladoras do PEID que permiten destinar a cantidade asignada deste plan ao financiamento das achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do PEID.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

### RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

### CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Mos relativa ao financiamento do investimento denominado “Mellora das instalacións deportivas no Concello de Mos” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 95.288,28 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Mos*, CIF P3603300I, a cantidade de 95.288,28 € con destino ao financiamento do investimento “Mellora das instalacións deportivas no Concello de Mos” ao abeiro do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento polo mesmo importe.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 245, de 22/12/2023) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95.2023 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Mos*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.





11.33856.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PORTAS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SANEAMENTO EN O OUTEIRO”. (Expte.2024020221)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 26/03/2024, mediante rexistro WEB2024019557, emendado en data posterior, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de PORTAS na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 120.049,83 €, co obxecto do financiamento do investimento “Saneamento en O Outeiro”, cuxo orzamento ascende 120.049,83 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	120.049,83	120.049,83	0,00	0,00

O orzamento contempla 112.882,06 € de execución de obra, 3.025,00 € de honorarios de redacción de proxecto, 3.025,00 € de dirección de obra e 1.117,77 € de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27<sup>a</sup>.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, o concello presenta o xustificante de presentación da declaración responsable ante Augas de Galicia pero estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, a autorización do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra e a autorización da Consellería de Economía, Industria e Innovación.



As devanditas autorizacións e a acta de trazado previo (Anexo III) serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución.
- O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 11/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 15/05/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 20/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *concello de Portas*, CIF: P3604000D, unha subvención por importe de 120.049,83 € co obxecto do financiamento do investimento “*Saneamento en O Outeiro*” (Expte. 2024020221)”, cuxo orzamento ascende 120.049,83 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos proprios do Concello -€
2024	120.049,83	120.049,83	0,00	0,00



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.

Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, a autorización do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra e a autorización da Consellería de Economía, Industria e Innovación, xunto coa acta de trazado previo (Anexo III) debidamente cumprimentada. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.

- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Portas*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

12.33857.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE REDONDELA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO MUNICIPAL DAS ÁNIMAS, CHAPELA, REDONDELA”. (EXPTE.2024021697)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Neste contexto, o novo proxecto descritivo das obras a realizar non modifica a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin os lugares de actuación nin varia o orzamento de licitación, limitándose a introducir as variacións estritamente necesarias para cumprir co requirido na autorización sectorial.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo

### Consideracións Xurídicas

#### Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



#### Resolución do expediente

- *Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.*
- a. *Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.  
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.*
- b. *Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada. A solicitude motivada debe presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e non pode prexudicar dereitos de terceiros.*

#### CONCLUSIÓNS

*A normativa en materia de subvencións, tanto estatal, autonómica, como a ditada pola propia Deputación, reflicten como característica diferenciadora a afección da axuda pública ao cumprimento dun obxectivo, neste caso, á execución dun proxecto específico. En consecuencia o interese público perseguido coa concesión da subvención queda delimitado polo propio obxecto da finalidade subvencionable.*

*Á vista da definición de subvención que ofrecen a LXS ou a LSG, no caso de tratarse dun proxecto de obra, a descrición que este fai das actuacións contidas nel delimita a finalidade subvencionable.*

*Para a concesión da subvención co obxecto do financiamento do investimento “Mellora da pavimentación de camiños e accesos a núcleos rurais nas parroquias do Salto, Rodeiro, Guillar, Álceme” (expte.2024012570) tívose en conta un proxecto, por importe 377.910,19 €, redactado pola enxeñeira, Dona Leticia Diéguez Alonso, que se estimou suficiente e correcto para deducir o seu carácter e a adecuación á convocatoria do PLAN CONCELLOS 2022-2023, anualidade 2023*

*Logo de obter a autorización sectorial da entidade pública Augas Galicia, o Concello vese na obriga de reformular o proxecto técnico para adaptalo aos condicionamentos impostos por este organismo.*

*Visto que o novo documento técnico non altera a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada, non incrementa a contía subvencionada nin o ámbito de actuación do investimento e non prexudica dereitos de terceiros.*

*Visto que o cambio de documento técnico propónse, formalmente, e antes da realización do investimento obxecto de subvención.*

*Visto que o enxeñeiro xefe de Cooperación emitiu, en data 13/05/2024, informe favorable de supervisión e control do documento descritivo das actuacións a levar a cabo.*

*Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación da solicitude do concello de Rodeiro, CIF:P 3604700I, a fin de que:*

- ✓ *Se acepte o cambio de documento técnico que rexerá a execución do investimento “Mellora da pavimentación de camiños e accesos a núcleos rurais nas parroquias do Salto, Rodeiro, Guillar, Álceme” (expte.2024012570). O novo documento técnico substitúe ao presentado en data 21/02/2024 por rexistro WEB2024010710.*

*O resto do texto do acordo da xunta de goberno núm. 33.33725, de data 26/04/2024, permanece invariable.*



## RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da lei 7/21985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidade locais, e nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial a competencia para aprobar a presente modificación correspóndelle á xunta de goberno, por ser o órgano que, no seu momento, autorizou e comprometeu o gasto.

Este informe no ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá”.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe da intervención provincial de data 16/05/2024 , a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a substitución do proxecto técnico que ha de rexer a execución do investimento “*Mellora e pavimentación de camiños e accesos a núcleos rurais nas parroquias do Salto, Rodeiro, Guillar e Alceme*” (Expte.2024012570), incluído no Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023.  
O cambio do documento técnico, que ven motivado na obriga de cumprir cos condicionamentos impostos na autorización sectorial outorgada pola entidade pública Augas de Galicia, non varia a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin incrementa a contía subvencionada.
- Manter inalterables o resto de pronunciamentos do acordo da Xunta de Goberno núm. 33.33725 de 26/04/2024.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Rodeiro*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

18.33863.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA, QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A., CORRESPONDENTE AO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES.  
(Expte.2021031854)

Na sesión ordinaria do día 23 de xuño de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o contrato de servizo de teleasistencia domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes á empresa Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80106842), polos prezos e valores ofertados reflexados no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 26 de xullo de 2022, sendo o prazo de duración de 2 anos a contar desde o 1 de agosto de 2022, e prevéndose a posibilidade de dúas prórrogas dunha anualidade de duración cada unha.





Con data 8 de maio de 2024, a xefa do servizo de Xuventude e Reto Demográfico, coa conformidade do deputado delegado, emite informe no que se solicita prorrogar o contrato para a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes polo período dun ano, con efectos dende o 01 de agosto do 2024 ata o 31 de xullo do 2025.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 23 de abril de 2024 (data de comparecencia: 23/04/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 03 de maio do 2024, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito (CSV: 2SFQK1GIKWMILUKH) para atender as obrigas que se deriven da primeira prórroga deste contrato.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 22 de maio do 2024 (CSV: 1Q6FIULDND6EZ490), que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga do contrato do servizo de Teleasistencia Domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes por un ano, desde o 01 de agosto do 2024 ata o 31 de xullo do 2025.*

*O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de agosto do 2024.”*

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16<sup>a</sup>.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a primeira prórroga do contrato para a prestación do “Servizo de Teleasistencia Domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes” subscrito coa empresa Quavita Services Asistenciales, S.A.U (NIF: A80106842), durante o período desde o 01 de agosto do 2024 ata o 31 de xullo do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2024 (5 meses)	24/233.2313.480.03	47.232,92 €
2025 (7 meses)	25/233.2313.480.03	66.126,08 €

O importe do gasto correspondente á anualidade 2025 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondente aplicación orzamentaria.

19.33864.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO CONTRATO DE “SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA 2024-2025”. (Expte.2024021548)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 12 de abril de 2024, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*Seguro de responsabilidade civil patrimonial da Deputación de Pontevedra e Escola Universitaria de Enfermería 2024-2025*”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 12 de abril de 2024. Na mesma data, publicanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 2 de maio de 2024, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas.

Unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 9 de maio de 2024, acordou clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa *WR Berkeley Europe AG Sucursal en España* (NIF: W0371455G), polos prezos e valores ofertados.



Mediante Resolución Presidencial número 2024003940, de 10 de maio de 2024 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa *WR Berkeley Europe AG Sucursal en España* (NIF: W0371455G), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa *WR Berkeley Europe AG Sucursal en España* (NIF: W0371455G) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2024032509, de data 21/05/2024), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia.

Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 7.408,26 € (carta de pago núm. operación 202400112739, do 22 de maio de 2024).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato privado de “*Seguro de responsabilidade civil patrimonial da Deputación de Pontevedra e Escola Universitaria de Enfermería 2024-2025*” á empresa *WR Berkeley Europe AG Sucursal en España* (NIF: W0371455G) polos prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte:

A. Prima total para dúas anualidades: 148.165,50 €

B. Redución de Franquías previstas:

b.1.- Redución da franquía máxima xeral aplicable por sinistro (1.500 €).

Reducción de Franquía OFERTADA	Importe franquía OFERTADA
1.000,00 €	500,00 €



b.2.- Redución da franquía máxima específica para danos producidos polas instalacións destinadas a distribución xeral e acometida dos servizos de auga ou obras por sinistro (1.500 €)

Redución de Franquía OFERTADA	Importe franquía ofertada
1.000,00 €	500,00 €

C. Ampliación de límites e sublímites de indemnización:

- Importe de incremento ofertado do límite de indemnización por sinistro e anualidade sobre o mínimo esixido (5.000.000,00 €): 7.500.000 €
- Importe de incremento ofertado do sublímite de indemnización por vítima sobre o mínimo esixido (600.000,00 €): 400.000 €

D. A empresa oferta a inclusión da responsabilidade civil derivada de protección de datos de carácter persoal con sublímite de 300.000 € por sinistro e anualidade.

E. A empresa oferta a inclusión da responsabilidade civil publicitaria con un sublímite de 300.000 € por sinistro e anualidade.

O prazo de duración do contrato será de 2 anos, a contar desde o día 1 de xullo de 2024. Non se establece a posibilidade de prórroga.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2024 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24/922.9330.224.01 do vixente orzamento provincial, e as do ano 2025 contabilizarase na correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 25/922.9330.224.01, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pago da prima total anual do ano 2024 realizase unha vez formalizado o contrato, dentro do prazo máximo de trinta días contados a partir do día seguinte ó de presentación da factura pola empresa adxudicataria por medios electrónicos. Con todo, si a factura e documentación presentada presentara algún defecto, devolverase ó contratista para a súa corrección, non iniciándose o prazo sinalado ata que se presente a factura e documentación debidamente subsanadas.

O pago da prima total anual do ano 2025 realizarase, dentro do prazo máximo de trinta días, desde que finalice a vixencia da primeira anualidade.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024021548	
Órgano xestor:	LA0006128	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

**Responsable do contrato:** O técnico adxunto á xefatura do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

20.33865.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA INICIAL CONSTITUÍDA POLA EMPRESA LIMPIEZAS CÍES S.L., PARA RESPONDER DA MODIFICACIÓN DO LOTE NÚMERO 3 DO CONTRATO “SERVIZO DE LIMPEZA DOS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2018058000) (Devogarán 2024015847)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 28 de febreiro de 2020 (CSV.-BWWENET0BY7MFSZP), adoptouse, entre outros asuntos, adxudicar o procedemento aberto convocado para a “*Servizo de limpeza dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra (Lote 3)*” (Expte. 2018058000).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *Limpiezas Cíes, S.L. (B-36631935)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
LIMPIEZAS CÍES, S.L. (B-36631935)	12.000,00€	202000022204	04/02/2020



Resultando que por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 23 de febreiro de 2024 (CSV.- ERQ1DH4MV2N0NE2K), aprobouse a “*Modificación nº6 do contrato de <Servizo de limpeza nos diferentes centros e sedes da Deputación de Pontevedra>*”, para incorporar a edificación correspondente ao antigo tempo do recinto conventual de Santa Clara no lote 3: Museo de Pontevedra.

Este cambio supuxo un aumento no prezo do lote en 529,98€, a aplicar desde a data de aprobación da modificación ata o 31 de maio de 2024, sen prexuízo das eventuais prórrogas, o que se traduzo nunha variación máxima de 2.649,90€.

Este aumento supuxo un incremento do importe da garantía definitiva constituída inicialmente, polo que se lle requiriu á empresa *Limpiezas Cíes, S.L.*, a que procedera ao seu reaxuste en 109,50€, para que gardara a debida proporción co novo prezo modificado (a garantía pasou de ter un importe de 12.000,00€ a un importe de 12.109,50€).

Para responder deste incremento, a empresa *Limpiezas Cíes S.L.*, constituíu una nova garantía definitiva na Tesourería da Deputación para o Lote 3 polo importe re-axustado de 12.109,50 €, carta de pago nº 202400051707 de data 01/03/2024.

Con data 04/03/2024 *Limpiezas Cíes S.L.* solicita a devolución da garantía inicial debido a la formalización do novo aval re-axustado.

Visto os anteditos antecedentes e tendo en conta que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *LIMPIEZAS CÍES, S.L.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 109.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Cuando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación no prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado*” e tendo en conta que a empresa presenta un novo aval re-axustando a importe da garantía.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Proceder á devolución da garantía constituída inicialmente pola empresa *LIMPIEZAS CÍES, S.L.* (B-36631935), a través de aval emitido en valores, mediante aval de *ABANCA* (Con número no Rexistro Especial de Avals 382419), para responder de dito contrato, por importe de 12.000,00€, que foi depositada na Tesourería Provincial o 04/02/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000022204.



21.33866.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A., PARA RESPONDER DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 8401 PORTELA – SOUTO DE VEA (CUNTIS)”.  
(Expte.2020049294) (Devogarán 2024031860)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de decembro de 2020 (CSV.- QT19TQX6XH0GE174), adxudicouse un Acordo Marco, convocado para regular a prestación do servizo de “*Servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra*”. (Expte. 2020049294).

Para levar a cabo a “*Seguridade e saúde*” da obra de “*Mellora da seguridade viaria na E.P.8401 Portela-Souto de Vea (Cuntis)*”, a empresa TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A. (A-28171288), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A. (A-28171288)	66,79€	202100073314	15/04/2021

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Contratación (CSV.- HJPPCFPYL4WS2FE3), no cal sinala que finalizado o Contrato Derivado referido e a súa Acta de Recepción Favorable, (...) o que procede é a devolución das mesmas a fin de evitar futuras reclamacións por parte do adxudicatario (...).

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- KAWZNYZTG70N5O4T), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación da “*Seguridade e Saúde*” do contrato de obra de “*Mellora da seguridade viaria na E.P.8401 Portela-Souto de Vea (Cuntis)*” (Expte. 2020049294), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A. (A-28171288), por resultar adxudicataria de dito contrato, que é a seguinte:

- o A constituída mediante aval emitido pola entidade ASEFA, S.A. “Seguros y Reaseguros”, por importe de sesenta e seis euros con setenta e nove céntimos (66,79 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 15/04/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100073314.

22.33867.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL NÚMERO 2024004291 DE DATA 24 DE MAIO DE 2024 POLA QUE AVOCA PUNTUALMENTE A COMPETENCIA COMO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN PARA RECTIFICAR O PREGO E CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS DO PROCEDIMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA “+ BENESTAR 2024”. (Expte.2024017786)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 3 de maio de 2024, aprobou o expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do contrato de “*Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR 2024*”.

O anuncio de licitación enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea o día 3 de maio de 2024, que o publicou con data 6/05/2024. Asemade, publicouse no *Perfil do Contratante* da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5/05/2024, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas reguladores da contratación.

Visto o informe do Xefe de Servizo de Contratación, de data 23 de maio de 2024, no que se conclúe que “*No prego de cláusulas administrativas particulares co csv F2G4HN72NDX6ALFH, omítase a explicación de cómo efectuar o cálculo da fórmula do menor precio ofertado no Anexo III e se adapta este criterio ao modelo de proposición económica do Anexo P*”, o Presidente decide avocar puntualmente a competencia delegada na Xunta de Goberno, para aprobar o prego administrativo co CSV D0TTDERHZSLO3SP9;, que engade unha explicación de cómo efectuar o cálculo da fórmula do menor prezo ofertado no Anexo III e se adapta este criterio ao modelo de proposición económica do Anexo I; substituindo o anterior prego, co CSV: F2G4HN72NDX6ALFH, e conceder unha ampliación do prazo de presentación de proposicións de 7 días naturais, como consecuencia da rectificacións dos pregos de cláusulas administrativas particulares, mediante Resolución Presidencial número 2024004291, de data 24 de maio do 2024, co seguinte contido literal:

“*O Presidente, no exercicio das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN. A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 3 de maio de 2024, aprobou o expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do contrato de “Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR 2024*”.





O anuncio de licitación enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea o día 3 de maio de 2024, que o publicou con data 6/05/2024. Asemade, publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5/05/2024, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas reguladores da contratación.

Visto o informe do Xefe de Servizo de Contratación, de data 23 de maio de 2024, no que se conclúe que “No prego de cláusulas administrativas particulares co csv F2G4HN72NDX6ALFH, omítese a explicación de como efectuar o cálculo da fórmula do menor precio ofertado no Anexo III e se adapta este criterio ao modelo de proposición económica do Anexo I.

Tendo en conta que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP) atribúe as competencias como órgano de contratación no presente procedemento ó Presidente da Deputación. Dita competencia atópase delegada pola Presidencia nas Bases de Execución do vixente orzamento provincial (base 16.2.a) , a favor da Xunta de Goberno respecto aos contratos de servizos que superen o importe de 60.000,00 €, IVE engadido.

Tendo en conta o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, segundo o cal, nos supostos de delegación de competencias en órganos non dependentes xerárquicamente, o órgano delegante poderá avocar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda por delegación, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial fágano conveniente. En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento, se os houber, con anterioridade ou simultaneamente á resolución final que se dite. Contra o acordo de avocación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no que, no seu caso, interpóñase contra a resolución do procedemento.

Tendo en conta que o artigo 116 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización , Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o órgano delegante poderá avocar en calquera momento a competencia delegada con arranxo á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.

Tendo en conta que o artigo 122 LCSP establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación, e só poderán ser modificados con posterioridade por erro material, de feito ou aritmético. Noutro caso, a modificación do prego conlevará a retroacción de actuación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.1a),  
RESOLVO:

1.- Avocar puntualmente a competencia delegada pola Presidencia nas Bases de Execución do vixente orzamento provincial (base 16.2.a), a favor da Xunta de Goberno, para actuar como órgano de contratación no procedemento aberto seguido para a adxudicación do contrato de “Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR 2024”, expte 2024017786.



2.- Aprobado o prego administrativo co CSV D0TTDERHZSLO3SP9; que engade unha explicación de como efectuar o cálculo da fórmula do menor precio ofertado no Anexo III e se adapta este criterio ao modelo de proposición económica do Anexo I; substituindo o anterior prego, co CSV: F2G4HN72NDX6ALFH.

3.- Conceder unha ampliación do prazo de presentación de proposicións de 7 días naturais, como consecuencia da rectificacións dos pregos de cláusulas administrativas particulares.

No caso de que algunha empresa interesada houbera presentado oferta durante o prazo anterior, deberá volver a presentala neste novo prazo, conforme aos pregos rectificadas neste acordo.

4.- Dar conta desta Resolución á Xunta de Goberno, na primeira sesión que celebre.

*Asinado dixitalmente ao marxe.*

*Contra o acordo de abocación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no que, no seu caso, interpoñase contra a resolución do procedemento.*

*Contra o acordo de rectificación do prego administrativo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso especial en materia de contratación regulado nos artigos 44 e seguintes da citada Lei, no prazo de 15 días hábiles. O devandito prazo computarase:*

- *Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contarse a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.*
- *Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado os mesmos ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.*

*Este recurso poderá interpoñerse ante o órgano de contratación ou ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL).*

*Ou ben directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contando desde a recepción desta notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.”*

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade tomar coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2024004291, de data 24 de maio de 2024, que aproba o prego administrativo co CSV D0TTDERHZSLO3SP9; que engade unha explicación de como efectuar o cálculo da fórmula do menor precio ofertado no Anexo III e se adapta este criterio ao modelo de proposición económica do Anexo I; substituindo o anterior prego, co CSV: F2G4HN72NDX6ALFH e conceder unha ampliación do prazo de presentación de proposicións de 7 días naturais, como consecuencia da rectificacións dos pregos de cláusulas administrativas particulares.



23.33868.- ACEPTACIÓN DE RENUNCIA, ADXUDICACIÓN DUN OBRADOIRO DA LISTA DE AGARDA, ACTUALIZACIÓN DA LISTA DE OBRADOIROS ADXUDICADOS E DO LISTADO DE AGARDA, E ACEPTACIÓN DO CAMBIO DE TEMÁTICA DE TRES OBRADOIROS ADXUDICADOS NO PROGRAMA “PROVINCIA ACTIVA” PARA O ANO 2024. (Expte.2023045215)

• ANTECEDENTES:

1º.- No capítulo III da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, desenvólvense os principios reitores da actuación da Administración pública galega, en relación coas persoas maiores, entre os que se atopa “promover o seu benestar, a súa autonomía persoal e a súa participación na vida e nas actividades da sociedade”.

2º.- Desde o punto de vista competencial, este programa está dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na que se establece como competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

3º.- Por outra banda, na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécese que os poderes públicos fomentarán o desenvolvemento de actuacións solidarias destinadas a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social, mediante intervencións que permitan acadar os obxectivos de proporcionar oportunidades e recursos que aseguren a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como garantir o apoio ás familias como o marco de referencia no que se desenvolven as persoas. No artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

4º.- Neste contexto, a Deputación de Pontevedra co programa “PROVINCIA ACTIVA” asume os principios recollidos na devandita norma e fomenta a participación das persoas maiores en actividades que promoven a creación de espazos de encontro e intercambio de experiencias, que permiten impulsar a súa independencia e, deste xeito, evitar o illamento e as situación de soidade non desexadas.

Por Acordo da Xunta de Goberno número 2.33170, do 17 de novembro de 2023 aprobáronse as Bases Reguladoras do programa “PROVINCIA ACTIVA” para o ano 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 14, do 19 de xaneiro de 2024.

Por Acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 26 de abril de 2024, número 25.33717, aprobouse a relación definitiva das entidades presentadas, das entidades excluídas, das entidades admitidas con obradoiro adxudicado e das entidades admitidas en lista de agarda do Programa “PROVINCIA ACTIVA 2024”, atendendo aos criterios de prelación establecidos nas bases reguladoras do programa, e que supoñen un total de 130, así como a relación de entidades en lista de agarda un total de 120.



O anuncio de adxudicación publicouse no BOPPO número 84 e na páxina web o martes, 30 de abril de 2024. Os Anexos de obradoiros adxudicados e de entidades en lista de agarda figuran asinados no expediente cos seguintes CSV: 352O20Y2E0P2ZUSE e 3U2P8TLMJUR3K2K3, respectivamente.

5º.- Con data 16 de maio, nº de rexistro REX\_WEB2024031625, a *ASOCIACIÓN GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER AGADEA* con NIF G15483498 (expediente 2024010851) adxudicataria do programa (nº 18 do anexo II , listado adxudicación CSV: 352O20Y2E0P2ZUSE), presenta a través de instancia xenérica renuncia ao obradoiro adxudicado “(...) *renuncia a través deste escrito da asignación do obradoiro de habilidades dixitais para uso cotiá do programa Provincia Activa 2024 que realiza a Deputación de Pontevedra para favorecer o envellecemento activo das persoas maiores.*”

6º.- Segundo se recolle no apartado 10) do Acordo de adxudicación, “*O prezo unitario por obradoiro é de 1.122,43€ (IVE incluído), polo que a adxudicación de 130 actividades formativas ascende a un total de 145.915,90 € con cargo á aplicación 24/231.2311.227.07 do Orzamento provincial*”

7º.- En consecuencia, presentada a renuncia da asociación citada no punto 3º, permitiría a existencia de crédito suficiente para adxudicar un novo obradoiro á primeira entidade da lista de agarda (Nº1 anexo III: entidades en lista de agarda CSV: 3U2P8TLMJUR3K2K3, que se corresponde ca *FUNDACIÓN PAZO DE MOS*, con NIF G36417251, con número de expediente 2024007162, coa temática “Habilidades Dixitais para Uso Cotián”.

8º.- Segundo se establece na base cuarta da convocatoria de non acadar o mínimo de quince (15) persoas participantes, antes de anular a actividade formativa, a entidade deberá poñerse en contacto co Servizo de Benestar Social co fin de cambiar entre outros a temática elixida, en consecuencia, dúas entidades adxudicatarias do programa (nº 97 e nº 59 respectivamente, do anexo II , listado adxudicación CSV: 352O20Y2E0P2ZUSE), a *ASOCIACION AMAS DE CASA MUIÑOS DO VENTO*, con NIF G36461648 (expediente 2024005408) e a *ASOC CULTURAL CENTRO CULTURAL DE CILLARGA* con NIF G 94114279 (expediente 2024004631) con data 16 de maio nº de rexistros REX\_WEB2024031640 , REX\_WEB2024031620 respectivamente, presentan a través de instancia xenérica solicitude de modificación da temática aprobada:

- *ASOCIACION AMAS DE CASA MUIÑOS DO VENTO* solicita : “ que tengan a bien asignarnos el curso de "gimnasia de mantenimiento" ya que por error habiamos solicitado dos cursos (pilates y gimnasia de mentenimiento), por lo que rogamos nos asignen ""gimnasia de mantenimiento""· programa ""provincia activa"" ”

- *ASOC CULTURAL CENTRO CULTURAL DE CILLARGA* solicita: “cambio de curso de yoga por pilates “



A entidade FUNDACIÓN PAZO DE MOS, con NIF G36417251, (expediente 2024007162), nº 1 do anexo III: entidades en lista de agarda CSV: 3U2P8TLMJUR3K2K3, con data de 22 de maio e nº de rexistro REX\_WEB2024032943, presenta a través de instancia xenérica solicitude de modificación da temática aprobada:

- FUNDACIÓN PAZO DE MOS solicita: “que se modifique a solicitude para o cambio da actividade que por sondeo entre as usuarias e veciñanza sería máis interesante unha actividade de ximnasia de mantemento para persoas maiores”.

12º.- Con data 27 de maio de 2024, Intervención emite dilixencia de fiscalizado e conforme, respecto da proposta da aceptación dunha renuncia, a adxudicación dun obradoiro da lista de agarda, actualización da lista de obradoiros adxudicados e a aceptación da modificación da temática de tres obradoiros adxudicados).

• **NORMATIVA APLICABLE:**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Bases de execución do vixente Orzamento provincial para o ano 2024
- Bases do programa Provincia Activa 2024

De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptación da renuncia presentada pola entidade *Asociación Galega para a axuda dos enfermos con demencia tipo Alzheimer Agadea* (G-15.483.498), constando no seu expediente (2024010851) o documento que así o acredita (CSV: OI2Y00JXK3SL66P3).
- Adxudicación do obradoiro á primeira entidade da lista de agarda, FUNDACIÓN PAZO DE MOS (G-36.417.251), segundo listado que obra no expediente (CSV: 3U2P8TLMJUR3K2K3)
- Actualización do listado de 130 entidades adxudicatarias (CSV: L37RZY39QY2T8W83).
- Actualización do listado de agarda (CSV: L5EZLBWDJ5CJA6H7).



- Aceptación do cambio de temática do obradoiro solicitada polas seguintes entidades:

Expte.	Entidade	Obradoiro inicial	Obradoiro solicitado final
2024005408	Asociación Amas de Casa Muíños do Vento	Pilates	Ximnasia de mantemento
2024004631	Asociación Cultural Centro Cultural de Cillarga	Ioga	Pilates
2024007162	Fundación Pazo De Mos	Habilidades dixitais para uso cotián	Ximnasia de mantemento

24.33869.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS. (EXPTE. 2024032748)

Vista a relación de facturas con número 2024032748, que contén 16 facturas e por un importe de 18.288,88€ e con CSV: ITIMO9MT3WJ5KR0I, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 20/05/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	18.288,88 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	18.288,88 €

25.33870.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (EXPTE.2024034527)

Vista a relación de facturas con número 2024034527, que contén 1 factura e por un importe de 5.211,80 € e con CSV: JZHRO4OE3WTRW683, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 23/05/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	5.211,80 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	5.211,80 €




26.33871.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE PONTEVEDRA. (Expte. 2023057217)


Dada conta que con data de rexistro 26/07/2023 (rex. núm. 2023015883), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subsrita por D. Daniel Muñoz Ruiz en representación de Axa e de D. Miguel Ángel Pérez Sotelino, por danos en vehículo producidos a consecuencia da irrupción dun xabaril na estrada provincial E.P. 0001 Bértola-Canicouva-Ponte Sampaio, no Concello de Pontevedra, o día 28/08/2022, e que cuantificou economicamente en 1.025,35 €.

Resultando.- Que con data 01/09/2023, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, que o emitiu na data 06/11/2023, co seguinte contido literal:

*Primeiro.- A estrada EP-0001 BÉRTOLA – CANICOUVA – PONTE SAMPAIO pertence á rede provincial de estradas.*



*O accidente tivo lugar no punto quilométrico 2+100 desta estrada provincial.*



Segundo.- Non existen escritos rexistrados nin partes de incidencias en ningún caso polo motivo sinalado como causa do accidente. Desde ano 2022 aparecen incidencias na estrada provincial pero por outros motivos alleos á incidencia sinalada (achéganse os partes rexistrados).

Nº de Parte	2022	112	Registro	08/01/2022	14:05	01127	A CAÑIZA	Sur
			Comunicado	08/01/2022	14:07	01127	Bertola - Canicouva - Pontesampaio	0,0
			Finalizado	08/01/2022	17:00	01127	Vilar	
			Comunica				112 - SOB GALIÇA	
			Notas					
			Incidencia				Rotura en accidente de sinais de Ceda o paso e dirección obligatoria. Vehículo telef. policía local de Nos 664692336	
<b>Finalizado</b>								
Nº de Parte	2022	1404	Registro	21/10/2022	22:25	01129	PONTEVEDRA	Centro
			Comunicado	21/10/2022	22:25	01129	Bertola - Canicouva - Pontesampaio	0,0
			Finalizado	22/10/2022	00:10	01129	Padín	
			Comunica				OTROS	POLICIA LOCAL PONTEVEDRA
			Notas					
			Incidencia				ARBORE A PUNTO DE CAER.	
<b>Finalizado</b>								
Nº de Parte	2022	1434	Registro	23/10/2022	11:40	01129	PONTEVEDRA	Centro
			Comunicado	23/10/2022	11:42	01129	Bertola - Canicouva - Pontesampaio	2,0
			Finalizado	23/10/2022	11:42	01129	Padín	
			Comunica				112 - SOB GALIÇA	
			Notas				CERRADO CO PARTE 412	
			Incidencia				ALCANTARILLA SEN TAPA.	
<b>Finalizado</b>								
Nº de Parte	2022	1470	Registro	28/10/2022	15:00	05413	PONTEVEDRA	Centro
			Comunicado	28/10/2022	15:03	05413	Bertola - Canicouva - Pontesampaio	4,0
			Finalizado	28/10/2022	17:48	05413	Victor	
			Comunica				112 - SOB GALIÇA	
			Notas				Foi tamén a EP-0004 por malentendido na comunicación da incidencia.	
			Incidencia				Suslodoiro sen tapa	
<b>Finalizado</b>								
Nº de Parte	2022	1503	Registro	22/11/2022	18:20	01128	PONTEVEDRA	Centro
			Comunicado	22/11/2022	18:22	01128	Bertola - Canicouva - Pontesampaio	2,5
			Finalizado	22/11/2022	21:00	01128	Riveiro	
			Comunica				112 - SOB GALIÇA	PARTICULAR
			Notas					
			Incidencia				arbore na estrada ocupando carril e medio	
<b>Finalizado</b>								
Nº de Parte	2022	1507	Registro	23/11/2022	00:50	05413	PONTEVEDRA	Centro
			Comunicado	23/11/2022	00:52	05413	Bertola - Canicouva - Pontesampaio	0,0
			Finalizado	23/11/2022	00:52	05413	Riveiro	
			Comunica				112 - SOB GALIÇA	
			Notas				Cromo a esquerda e dereita que esa estrada pertence á concele, o cal lle comenzo á 112.	
			Incidencia				Huro caído na estrada	
<b>Finalizado</b>								
Nº de Parte	2022	1585	Registro	26/11/2022	13:07	01129	PONTEVEDRA	Centro
			Comunicado	26/11/2022	13:10	01129	Bertola - Canicouva - Pontesampaio	4,0
			Finalizado	26/11/2022	19:20	05413	Victor	
			Comunica				112 - SOB GALIÇA	
			Notas				Como tamén o posto 506. Desde as 14:30 ata as 17:00 tamén acudiu á incidencia o chófer	
			Incidencia				PIEDRA EN LA CARRETERA	
<b>Finalizado</b>								
Nº de Parte	2022	1592	Registro	26/11/2022	13:22	01128	PONTEVEDRA	Centro
			Comunicado	26/11/2022	13:24	01128	Bertola - Canicouva - Pontesampaio	0,0
			Finalizado	26/11/2022	14:05	01128	Riveiro	
			Comunica				112 - SOB GALIÇA	
			Notas				Non se atopo nada en toda a ep	
			Incidencia				arbore caído afecta a circulación	
<b>Finalizado</b>								
<b>Partes de incidencias para vías e obras</b>								
Nº de Parte	2023	25	Registro	03/01/2023	16:49	01128	PONTEVEDRA	Centro
			Comunicado	03/01/2023	16:48	01128	Bertola - Canicouva - Pontesampaio	0,0
			Finalizado	03/01/2023	20:07	01128	Riveiro	
			Comunica				112 - SOB GALIÇA	
			Notas					
			Incidencia				recogida de ramaje y hojas	
<b>Finalizado</b>								
Nº de Parte	2023	229	Registro	31/03/2023	06:00	01128	PONTEVEDRA	Centro
			Comunicado	31/03/2023	06:00	01128	Bertola - Canicouva - Pontesampaio	3,0
			Finalizado	31/03/2023	08:45	01128	Victor	
			Comunica				112 - SOB GALIÇA	
			Notas					
			Incidencia				ARBORE CORTANDO O CARRIL	
<b>Finalizado</b>								
Nº de Parte	2023	299	Registro	19/05/2023	06:57	01128	PONTEVEDRA	Centro
			Comunicado	19/05/2023	07:00	01128	Bertola - Canicouva - Pontesampaio	3,0
			Finalizado	19/05/2023	08:52	01128	Riveiro	
			Comunica				112 - SOB GALIÇA	
			Notas					
			Incidencia				ARBORE NO MEDIO DA ESTRADA QUE DIFICULTA MOTO O TRAFICO ANTES DE CHEGAR O POLIGONO	
<b>Finalizado</b>								





Terceiro.- No tramo anterior onde alegan que foi o accidente existe a seguinte sinalización:

*AMBAS MARXES:*

- RFV (reductor físico de velocidade) no p.k 1+950 coa súa sinalización correspondente en ambos sentidos:
  - Sinal de perigo por resalto (P-15a).
  - Sinal vertical (R-301) e horizontal de velocidade máxima 30 km/h.
- RFV (reductor físico de velocidade) no p.k 2+110 coa súa sinalización correspondente en ambos sentidos:
  - Sinal de perigo por resalto (P-15a).
  - Sinal vertical (R-301) e horizontal de velocidade máxima 30 km/h.
- RFV (reductor físico de velocidade) no p.k 2+350 coa súa sinalización correspondente en ambos sentidos :
  - Sinal de perigo por resalto (P-15a).
  - Sinal vertical (R-301) e horizontal de velocidade máxima 30 km/h.



*Cuarto.- O lugar onde se produciu o accidente é un entorno rural con vivendas illadas.*



*María Belén Pampín Camino*  
*Enxeñeiro*

---

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndese o seguinte:

- Recóllese no informe estatístico aportado coa instancia que o firme se atopaba seco e limpo e con tempo despexado.
- Asemade, que o tramo é recto e plano e coa visibilidade restrinxida por vexetación ou árbores.
- Segundo o informe do Servizo de Infraestruturas da Deputación, non existen escritos rexistrados nin partes de incidencias en ningún caso por irrupción de fauna.
- No tramo anterior ó de produción do sinistro existen tres redutores físicos de velocidade coa súa sinalización correspondente nos puntos quilométricos 1+950, 2+110 e 2+350 en ambas marxes:
  - Sinal de perigo pola proximidade dun resalto na vía (P-15a).
  - Sinal vertical (R-301) e horizontal de velocidade máxima 30 km/h.
- O Servizo de conservación da estrada non tivo coñecemento do accidente, polo que non se acudiu ó lugar a cubrir a incidencia.



- O lugar onde se produciu o sinistro é un entorno rural con vivendas illadas, observándose nas fotografías do informe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais a presenza de viñedos e zonas arboradas no entorno da estrada.
- Non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que a simple lectura do artigo 149.5 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, revela ben ás claras que é necesario acreditar a FRECUENCIA na irrupción de fauna salvaxe, máis cando non se produciron máis accidentes pola mesma causa, véxase:

*“...Los tipos de señales de advertencia de peligro, con su nomenclatura y significado respectivos, son los siguientes:*

*(...) P-24. Paso de animales en libertad. Peligro por la proximidad de un lugar donde FRECUENTEMENTE la vía puede ser atravesada por animales en libertad...”*

Considerando.- Que a sentenza 228/08, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº. 2 de Pontevedra, nos autos do Procedemento Abreviado 204/08, baseándose neste precepto, eximiu á Deputación da obriga de instalación do sinal P-24 (paso de animais en liberdade) por non terse acreditado a FRECUENCIA e a HABITUALIDADE no paso, deixando dito que:

*“... No hay dato alguno en el expediente administrativo ni informe al respecto que indique que el tramo en el que ocurrió el accidente constituye un lugar de paso habitual, y no esporádico, de animales salvajes que hiciera necesaria la señalización adecuada al respecto, en concreto con la señal P-24. Es más, tampoco hay constancia de que en dicho tramo de la carretera y en un lapso de tiempo próximo al accidente registrado, se hubiesen originado otros por similares causas”.*

Na mesma liña argumental se pronuncian as seguintes sentenzas dos Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra en supostos con identidade de razón á que nos ocupa, irrupción de fauna na calzada: do Contencioso-Administrativo nº 1, as sentenzas números 171/2005, 115/09, 119/2010, 179/11, 268/11 e 259/12; do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2, a xa citada sentenza 228/08 e mais as sentenzas números 1/2012, 243/2014 e 15/2021; e do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, as sentenzas números 75/05, 27/2010 e 43/2011.

Considerando.- Que a maior abundamento, das sentenzas dos Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra que se invocaron, cabe resaltar os seguintes parágrafos:

- Sentenza 119/10, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra:  
*“...Tampoco ha quedado acreditado de la prueba practicada que el lugar en que se produjo el accidente sea un lugar de paso frecuente de animales de caza, que hiciera necesario advertir a los usuarios de la vía por medio de la señalización pertinente al respecto (P-24), no constando según la información obrante en el expediente, la existencia de ningún otro siniestro de similares características en dicho tramo de la vía”.*



- Sentenza 179/11 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:  
*“... No ha incurrido, por tanto, la Diputación de Pontevedra, en omisión del deber de señalización, por lo que se carece de título de imputación que permita la atribución de responsabilidad por el daño causado”.*
  
- Sentenza 268/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra: *“...No existen pruebas suficientes para entender que en la referida carretera provincial se da la frecuencia en el paso de animales en libertad que obligaría a la Administración a colocar en ella la señal fija de advertencia de peligro. No ha incurrido, por tanto, la Diputación Provincial de Pontevedra, en omisión del deber de señalización”.*
  
- Sentenza 259/12 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:  
*“... Ha de decaer necesariamente la pretensión indemnizatoria ejercitada, con la consiguiente confirmación de la resolución que aquí se impugna, previa desestimación del recurso, por no apreciarse obligación en la Administración demandada de disponer de señalización de advertencia de animales salvajes o de adopción de otras medidas de prevención en el tramo de carretera en que se produjo el siniestro...”*
  
- Sentenza 243/2014 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:  
*“Ante la prueba practicada, ha de concluirse que no puede considerarse debidamente acreditada la responsabilidad de la Administración demandada, por cuanto, aunque se reconozca la irrupción de un caballo en la vía como causa del accidente, es lo cierto que no existe constancia alguna de que en ese lugar se produzca un paso frecuente de este tipo de animales u otros que lleve a considerar la obligación de señalar el riesgo”.*
  
- Sentenza 15/2021 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:  
*“... No existen datos objetivos que acrediten que el lugar en el que ocurre el accidente, vial provincial sin señalización de peligro por animales sueltos, se trate de zona donde frecuentemente la vía pueda ser atravesada por animales en libertad y, en consecuencia, tal y como se defiende por las demandadas, no había obligación de instalación de la señal P-24”.*
  
- Sentenza 27/2010 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº. 3 de Pontevedra:  
*“...Al no existir una obligación legal de señalar ese tramo, y al no haberse demostrado por la parte actora que el mismo debería de ser señalado (...), no es posible imputar la responsabilidad en la producción de los daños a la Administración aquí demandada (Diputación)...”*
  
- Sentenza 43/2011 do Xulgado Contencioso- Administrativo nº 3 de Pontevedra, nos autos do Procedemento Abreviado 306/2010: *“...quien reclama debe demostrar un determinado nivel de siniestralidad y la ausencia o insuficiencia de medidas visibles o aparentes de conservación o de señalización...”*



Considerando.- Que a parte non aportou proba ningunha da frecuencia na irrupción, feito que non quedou acreditado, polo que nos atopamos ante un suposto de forza maior (caracterizado pola súa externalidade e irresistibilidade, en síntese de imprevisibilidade e consecuente inevitabilidade), ó que é allea esta Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír as consecuencias indemnizatorias pola mera detentación material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de tódolos riscos, pois é sabido que existe un estándar medio de risco predicable de calquera actividade humana ó que non é allea a condución de vehículos a motor.

Considerando.- Que a Disposición Adicional Sétima do Real Decreto Legislativo 6/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, establece o seguinte:

*“En accidentes de tráfico ocasionados por atropello de especies cinegéticas en las vías públicas será responsable de los daños a personas o bienes el conductor del vehículo, sin que pueda reclamarse por el valor de los animales que irrumpen en aquéllas.*

*No obstante, será responsable de los daños a personas o bienes el titular del aprovechamiento cinegético o, en su defecto, el propietario del terreno cuando el accidente de tráfico sea consecuencia directa de una acción de caza colectiva de una especie de caza mayor llevada a cabo el mismo día o que haya concluido doce horas antes de aquél.*

*También podrá ser responsable el titular de la vía pública en la que se produzca el accidente como consecuencia de no haber reparado la valla de cerramiento en plazo, en su caso, o por no disponer de la señalización específica de animales sueltos en tramos con alta accidentalidad por colisión de vehículos con los mismos”.*

Considerando.- Que a Deputación non ten a obriga de valar estradas, deber que soamente é predicable de autoestradas e autovías.

Considerando.- Que segundo o informe estadístico da Destacamento de Pontevedra, a velocidade no tramo está limitada a 30 km/h e con vexetación ou árbores nas marxes, o que fai descansar, a lo menos de modo indiciario, a responsabilidade no condutor do vehículo, vinculado coa forza maior. Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, *“todo conductor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, a fin de adecuar la velocidad de su vehículo a las mismas, de manera que siempre pueda detenerlo dentro de los límites de su campo de visión y ante cualquier obstáculo que pueda presentarse”.*

Asemade, o artigo 46 do citado Regulamento sinala que: *“1. Se circulará a velocidad moderada y, si fuera preciso, se detendrá el vehículo cuando las circunstancias lo exijan, especialmente en los casos siguientes:*

*c) CUANDO HAYA ANIMALES EN LA PARTE DE LA VÍA QUE SE ESTÁ UTILIZANDO O PUEDA PREVERSE RACIONALMENTE SU IRUPCIÓN EN ELLA”.*



Polo seu lado, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

*“...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”*

En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 *“...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor...”*

Artigo 18.1: *“...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”*

Artigo 132.1: *“...Todos los usuarios de las vías objeto de esta Ley están obligados a obedecer las señales de circulación que establezcan una obligación o una prohibición y a adaptar su comportamiento al mensaje del resto de señales reglamentarias que se encuentren en las vías por las que circulan...”*

En calquera caso, a cascada de sinais limitativas previas obriga ó condutor do vehículo a chegar ó punto de colisión cunha velocidade reducidísima.

Considerando.- Que non se produciron mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que non houbo chamada por causa do accidente polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14, 264/14 e 41/21; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13 e 112/14; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo Xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na emisión de informes e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.



Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.

27.33872.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS MATERIAIS E PERSOAIS NO CONCELLO DE VIGO (Expte. 2024017345)

Dada conta que con data 07/03/2024 (núm. rex. 2024004296), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. José Luis Vera González, por lesións e danos en vehículo producidos a consecuencia dun socavo á altura da rotonda existente na intersección da Estrada do Vao e a Estrada de Canido, no Concello de Vigo, o día 22/01/2022, e que foi cuantificada economicamente en 59.537,11 €.

Resultando.- Que con data 03/05/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 09/05/2024, co seguinte contido literal:

*PRIMEIRO.- O sinistro localízase na glorieta existente que comunica a Estrada do Vao (EP-2003 CORUXO-CANIDO) coa Estrada de Canido (PO-324).*

*A estrada provincial EP-2003 remata no p.q. 1+698 ó chegar á rotonda, polo que queda claro que a calzada anular da glorieta NON PERTENCE á Rede de Estradas da Deputación Provincial.*

*Tanto a glorieta como a estrada de Canido pertencen á rede de estradas autonómica, polo que son competencia da Xunta de Galicia.*



*Como se pode apreciar nas fotografías da Policía Local e segundo a descrición aportada pola testemuña a fochanca na que se produciu o accidente foi na parte interior da calzada anular da glorieta, polo que queda comprobado que a localización de bache está fóra do vial provincial.*



*María Elena Pérez Alonso*  
*Enxeñeiro*

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.





28.33873.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE REDONDELA. (Expte. 2024029016)

Dada conta que con data 02/05/2024 (núm. rex. 2024007356), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D.<sup>a</sup> Verónica Currás Muñoz, por danos en vehículo producidos a consecuencia da irrupción dun can na Rúa do Muro-Nacional 550 Redondela-Pontevedra, no Concello de Redondela, o día 30/04/2024, e que foi cuantificada economicamente en 65 €.

Resultando.- Que con data 03/05/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 09/05/2024, co seguinte contido literal:

*PRIMEIRO.- O lugar do sinistro non pertence á rede provincial de estradas (non figura no Catálogo de Estradas da Deputación nin no correspondente Inventario Provincial).*

*SEGUNDO.- A Rúa do Muro entronca coa estrada N-550 da rede estatal e vai desde A Coruña ata Tui sendo responsabilidade do Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible pero descoñecemos o punto exacto onde tivo lugar o accidente.*



*De calquera forma, en ningún caso ten conexión coas estradas provinciais.*

*María Belén Pampín Camino*

*Enxeñeiro*



Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

29.33874.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REHABILITACIÓN DE VIVENDA SOCIAL EN POUSIÑO”.  
(Expte.2024022472)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022164, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Pazos de Borbén* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 121.823,12 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Rehabilitación de vivenda social en Pousiño*”, cuxo orzamento ascende 123.901,33 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
123.901,33 €	121.823,12 €	0,00 €	2.078,21 €

O Concello achega escrito aclaratorio no sentido de que os honorarios de redacción de proxecto e dirección de obra por importe de 9.542,48 € correrán a cargo do concello ao 100%.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Deputación Provincial de Pontevedra.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27<sup>a</sup>.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Deputación Provincial de Pontevedra.

A devandita autorización, será achegada coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27<sup>a</sup> do Plan.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

## 2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/05/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 28/05/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 28/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Pazos de Borbén* (CIF:P3603700J), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1\_Investmentos, unha subvención por importe de 121.823,12 € co obxecto do financiamento do investimento “*Rehabilitación de vivenda social en Pousiño*” (exp: 2024022472)”, cuxo orzamento ascende 123.901,33 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
123.901,33€	121.823,12€	0,00€	2.078,21€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Deputación Provincial de Pontevedra. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións



- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Pazos de Borbén*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

30.33875.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

31.33876.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

32.33877.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

